



PLAN DE APOIO ÁS TITULACIÓNS CON PRACTICUMS QUE ATOPAN DIFICULTADES PARA REALIZAR AS PRACTICAS PREPROFESIONAIS

CONVOCATORIA DE AXUDAS

Co obxectivo específico de fomentar a adaptación dos perfís de egreso dos titulados ás demandas dos empregadores, complementar a formación dos estudantes fóra das aulas, propiciar as prácticas e mellorar as expectativas no mercado laboral, e en cumprimento das competencias de promoción e impulso das actividades universitarias recollido na normativa que lle é aplicable,

O Consello Social convoca axudas ás titulacións da Universidade de Vigo que presenten maiores dificultades para que os seus alumnos accedan ás prácticas preprofesionais, por desenvolverse a súa formación en áreas pouco axeitadas para a formalización de convenios.

Con esta iniciativa, o Consello Social tenta promover fóra das aulas actividades de orientación laboral e inserción na vida práctica profesional, así como achegar información e asesoramento aos alumnos sobre as posibilidades de emprego nos distintos sectores da produción, a industria, as administracións, os servizos, etc..., mediante a realización de talleres, seminarios, prácticums, visitas, relatorios, mesas redondas ou conferencias, con profesionais relevantes no ámbito do que se trate.



BASES DA CONVOCATORIA

1. Poderán acceder ás axudas:
 - **Titulacións de grao** autorizadas conforme ao RD 1393/2007, que contemplan prácticas no seu plan de estudos e que se atopen con dificultades para a súa realización.
2. As actividades desenvolveranse ao longo do exercicio 2019.
3. As solicitudes de participación na convocatoria deberán ser presentadas no Rexistro Xeral da Universidade de Vigo ou nos auxiliares de Pontevedra, Ourense ou Vigo, e dirixidas á Secretaría do Consello Social da Universidade de Vigo polo responsable do centro antes do día **22 de febreiro de 2019**, e nelas, ademais do impreso que se achega, deberá constar o programa de Practicum previsto, un calendario e unha breve descrición de obxectivos e contidos, expondo e xustificando razoadamente as circunstancias excepcionais e as dificultades da titulación para o acceso ás prácticas, así como unha proposta inicial de orzamento.
4. No proceso de valoración de solicitudes primarán as prácticas externas sobre as conferencias (acordo da Comisión Executiva do 06.03.2012)
5. O Consello Social farase cargo dos gastos de cada programa aprobado ata unha cifra máxima de 5.000,00 euros, e a contía será determinada pola súa Comisión de Actividades e Servizos.
6. O Consello Social destinará no exercicio 2019 ata un máximo de 30.000,00 euros a esta convocatoria.
7. Do importe da axuda asignada entregarase a cada titulación, por adiantado e unha vez aprobada a concesión, o 60% do total. O 40% restante quedará suxeito á xustificación da axuda anterior, ao cumprimento do programa e ao avance da Memoria que se deberá entregar concluída a actividade.



ANEXO I: IMPRESO DE SOLICITUDE

Convocadas polo Consello Social da Universidade de Vigo axudas ás Titulacións para o fomento de actuacións de orientación, información e prácticas que permitan un maior achegamento do estudiantado ás demandas do mercado laboral, como responsable da titulación, solicito a inclusión na convocatoria.

TITULACIÓN		CAMPUS	
1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO (Fixo)	TELÉFONO (móbil)	
¿A titulación ten organizado Programas de Prácticas para os alumnos dos últimos cursos en anos precedentes?			
En caso afirmativo, indique os resultados principais			
ANO	Nº de Entidades / Organizacións colaboradoras	Nº de prácticas ofertadas	Nº de alumnos participantes

Achégase Programa proposto e calendario de execución.

, de de

Sinatura